

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



TÍTULO V

NORMATIVA

1. NORMATIVA


PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO V

CAPÍTULO 1 Normativa



TITULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS	4
Art 1.- Obxecto	4
Art 2.- Ámbito	4
Art 3.- Aplicación	4
Art 4.- Funcións do Plan de Ordenación do Litoral	4
Art 5.- Eficacia	5
Art 6.- Réxime	5
Art 7.- Coordinación administrativa	5
Art 8.- Interpretación	5
 TITULO I. MODELO TERRITORIAL.....	7
Art 9.- Modelo territorial	7
Capítulo 1. Áreas do Plan de Ordenación do Litoral	7
Art 10.- Áreas do Plan de Ordenación do Litoral	7
Art 11.- Protección ambiental	7
1. Intermareal	8
2. Costeira	8
3. Bosques	9
4. Ecolóxica	9
Art 12.- Protección de corredor	10
Art 13.- Mellora ambiental e paisaxística	11
Art 14.- Ordenación litoral	11
Capítulo 2. Espazos de Interese	12
Art 15.- Espazos de Interese Xeomorfolóxico	13
Art 16.- Espazos de Interese de Taxons	13
Art 17.- Espazos de Interese Paisaxístico	14
Art 18.- Outros espazos con protección recoñecida	15
Art 19.- Núcleos de identidade do Litoral	15
Capítulo 3. Ámbitos de Recualificaión	16
Art 20.- Definición	16
Art 21.- Desenvolvemento	16
Capítulo 4. Sistemas Xerais Territoriais	17
Art 22.- Definición	17
Art 23.- Desenvolvemento	17
 TITULO II. CRITERIOS XERAIS	18
Art 24.- Patrimonio natural e cultural	18
Art 25.- Mobilidade	18
Art 26.- Enerxía	18
Art 27.- Ciclo hídrico	18
Art 28.- Ciclos de materiais	19
Art 29.- Solo	19
Art 30.- Recursos xeolóxicos	20
Art 31.- Prevención de riscos	20
 TITULO III. NORMAS DE PROTECCIÓN	20
Art 32.- Limitacións de uso	20
Art 33.- Procedemento para a autorización de usos	20
Art 34.- Usos permitidos	22
Art 35.- Usos autorizables con carácter xeneral	22

Art 36.- Usos autorizables para cada Área	23
1. Área de Protección	23
2. Área de Mellora Ambiental e Paisaxística	23
3. Área de ordenación litoral	23
 TITULO IV. DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS	24
Art 37.- Criterios xerais	24
Art 38.- Condicións específicas nas áreas de mellora ambiental	24
Art 39.- Condicións específicas dos Núcleos de Identidade do Litoral	24
 TITULO V. DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS PARA AS PRAIAS E O SEU CONTORNO	25
Art 40.- Protección de Sistema Praia-Duna	25
Art 41.- Caracterización das praias	25
Art 42.- Regulación das praias	25
Art 43.- Rexime	25
Art 44.- Plans Especiais	25
Art 45.- Ordenación do contorno en praias urbanas	25
Art 46.- Ordenación do contorno en praias periurbanas e rurais	25
Art 47.- Ordenación do contorno nas praias naturais	25
Art 48.- Residuos	26
Art 49.- Instalacións e servizos	26
Art 50.- Accesos peonís	26
Art 51.- Accesos rodados	27
Art 52.- Aparcadoiros en praias periurbanas e rurais	27
Art 53.- Circulación de vehículos a motor	27
 TITULO VI. A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA	27
Art 54.- Definición	27
Art 55.- Obxectivos	27
Art 56.- Criterios	27
Art 57.- Enfoques estratéxicos	28
Art 58.- Criterios xerais de integración	28
Art 59.- Criterios específicos de integración	28
Art 60.- Obras sobre edificacións existentes	29
Art 61.- Áreas e sectores de actividade industrial e económica	29
Art 62.- Documentación a achegar nos estudos de integración paisaxística	29
1. Complementariedade documental	30
2. Documentación	30
 TITULO VII. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS	31
Art 63.- Sendas	31
Art 64.- Accións formativas e divulgativas	31
DISPOSICIONES TRANSITORIAS	31
Transitoria 1. Adaptación dol planeamiento urbanístico	31
Transitoria 2. Solos urbanizables e urbanos non consolidados en municipios con planeamiento non adaptado a este Plan	31
Transitoria 3. Autorizacións na Área de Protección e de Mellora ambiental e paisaxística	31
Transitoria 4. Usos existentes	31
DISPOSICIONES ADICIONAIS	31
Adicional 1. Guía de prácticas de intervención nos sistemas PraiaDuna	31
Adicional 2. Sendas dos Faros	31

TITULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

ART 1.- OBXECTO

O presente Plan ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

ART 2.- ÁMBITO

Podemos diferenciar dentro do ámbito de estudo composto polas unidades litorais e prelitorais definidos no Título III deste Plan:

- **O Ámbito de Xestión:** composto polas unidades litorais e as súas dinámicas, constitúe o ámbito de aplicación do POL.
- **O Fondo litoral:** engloba o marco ou fondo físico e, por veces, escénico das paisaxes litorais e está constituído, basicamente, polas unidades de paisaxe denominadas prelitorais. Ten como obxectivos preservar o fondo das escenas litorais sexan estas de carácter natural, urbano ou rural, así como garantir a utilización racional dos recursos naturais e un desenvolvemento urbanístico sostible con criterios de integración paisaxística. Para iso cómpre a caracterización das unidades paisaxísticas que o conforman e o establecemento dos obxectivos e directrices de calidade paisaxística.

ART 3.- APLICACIÓN

Ata que o planeamento urbanístico se adapte ao presente plan quedarán excluídos da súa aplicación os solos clasificados á súa entrada en vigor como urbanos consolidados, núcleos rurais ou aqueles que contén con instrumento de desenvolvemento e de xestión aprobado definitivamente.

ART 4.- FUNCIÓNS DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

1. Son funcións do Plan de Ordenación do Litoral:

- a) A definición do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación
- b) A concreción no ámbito litoral de criterios globais para a ordenación dos usos do solo, a regulación de actividades e a fixación dos criterios xerais de protección do medio litoral.
- c) A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
- d) Establecer un marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral. O devandito marco especificará as concrecións necesarias para conseguir a máxima eficiencia e sinerxia do conxunto de actuacións a realizar no litoral, sempre baixo a perspectiva da súa necesaria protección, conservación, mellora e racionalización dos usos que soporta.
- e) Considerar no seu conxunto o litoral como unha entidade espacial claramente individualizada dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido desde unha perspectiva integral, dentro dunha política de desenvolvemento sostible.
- f) Sinalar e delimitar aqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifiquen a súa conservación e protección.
- g) Fixar as directrices para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia. Propiciar a ordenación a grande escala, dos usos do solo, dentro das distintas categorías de ordenación que configuran as distintas unidades paisaxísticas.
- h) Elaborar unha normativa particular de aplicación nas distintas categorías que constituía o marco de ordenación a partir do que regular e controlar os usos e actividades localizadas no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais.
- i) Lograr unha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as Administracións que operan sobre o litoral e o seu contorno terrestre (Administracións Central, Autonómica e Local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor. O POL ten que ser un instrumento de desenvolvemento sostible que una os intereses e a xestión das tres administracións e consiga unha posta en valor da costa permitindo un gozo público da mesma sen degradar o medio.
- j) Constituír a base para a elaboración dun Programa Coordinado de Actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación e restauración do espazo costeiro.

2. Ademais destas funcións que lle son propias, o presente Plan incorpora como marco complementario da súa protección, ordenación e xestión as determinacións que se establezan froito da elaboración do Catálogo de Paisaxe Litoral e as directrices de paisaxe que o desenvolvan.

Para tal efecto o presente plan serve como base para a elaboración do Catálogo de Paisaxe Litoral.

ART 5.-EFICACIA

Conforme ao establecido no artigo 14 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, como Plan Territorial Integrado, as determinacións do Presente Plan terán forza vinculante congruente coa súa funcionalidade.

ART 6.-RÉXIME

1. As determinacións do POL prevalecerán sobre as establecidas no planeamento municipal.
2. As determinacións contidas neste plan establécense no marco da ordenación territorial e enténdense sen prexuízo doutras máis restritivas que puidesen vir impostas pola lexislación sectorial, así como polo planeamento municipal.
3. De conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, os plans e proxectos sectoriais se establecerán no marco das determinacións contidas noutros instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, polo que as súas determinacións recollerán os criterios establecidos no presente Plan de Ordenación do Litoral.

Excepcionalmente, polo interese do seu desenvolvemento no marco de políticas sectoriais da Comunidade Autónoma de Galicia e atendendo aos obxectivos da política sectorial, no ámbito do POL, poderanse delimitar áreas para a localización de instalacións que se desenvolverán por medio de plans e proxectos sectoriais dos recollidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Estes plans e proxectos terán entre as súas fins, ademais da implantación das actividades que lles son propias, a reordenación daquelas existentes incompatibles co modelo previsto no POL, respectando os valores nel recoñecidos.

A aprobación do POL e destes plans e proxectos levará implícita a declaración de utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos de maneira concreta neles, a efectos expropiatorios, de conformidade cos artigos 2, 9 e 17 da Lei de Expropiación Forzosa, os artigos 11.5 e 13.4 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e a Disposición adicional Primeira da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

ART 7.- COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA

As determinacións contidas neste Plan rexerán as actuacións das distintas administracións de carácter Estatal, autonómico e local con incidencia no territorio do ámbito. Con tal fin, adoptarán como principio reitor da súa actuación o de colaboración entre administracións, arbitrando os medios axeitados para que as demais poidan participar nas decisións propias mediante informes, audiencias, documentos e, se é o caso, a través dos órganos de coordinación que se poidan crear.

En particular, promoveranse convenios de colaboración entre as distintas administracións, co obxecto de executar proxectos de ordenación e restauración ambiental conforme aos criterios de actuación establecidos neste Plan ou nos plans e proxectos de desenvolvemento que se poidan aprobar..

ART 8.-INTERPRETACIÓN

As determinacións recollidas nesta Normativa deben interpretarse seguindo os criterios de:

- a) **Congruencia:** cos principios e obxectivos nel establecidos así como coas determinacións da memoria.
- b) **Cución:** no caso de que haxan varias interpretacións posibles escollerase aquela que mellor salvagarde a defensa dos valores descritos no presente plan para cada unha das áreas e espazos que o conforman.



Ensenada de Rianxo.
Ría de Arousa.

IV.1.01

TITULO I. MODELO TERRITORIAL

ART 9.- MODELO TERRITORIAL

- A extensión, diversidade e complexidade do litoral de Galicia fan necesaria unha aproximación progresiva ao modelo de organización territorial así como aos seus valores para poder deste xeito protexelo, ordenalo e xestionalo.
- Por este motivo o POL establece unha estrutura composta por áreas, espazos e sistemas que se superpón e completan para poder así recoller as particularidades de cada ámbito.
- Deste xeito o Modelo Territorial previsto no POL supón a complementariedade de determinacións aplicadas aos seguintes ámbitos co obxectivo de pór en valor os seus trazos identitarios.
- 1.1. ÁMBITOS**
- Así, este modelo supón a coordinación das determinacións e relacións entre os seguintes ámbitos:
- a) **Áreas do Plan de Ordenación do Litoral:** zonificación do territorio comprendido dentro do ámbito do POL.
 - b) **Espazos de Interese:** lugares e ambientes que con independencia da súa situación nunha ou varias das áreas do POL posúen unhas características singulares e homoxéneas que lles fan merecedores dun especial recoñecemento.
 - c) **Ámbitos de Recualificación:** áreas nas que se fai necesario a mellora das súas condicións ambientais, morfolóxicas e funcionais con criterios de integración paisaxística.
 - d) **Sistemas Xerais Territoriais:** elementos que conforman a estrutura xeral orgánica do territorio desde o punto de vista supramunicipal.
- Polo tanto, un mesmo territorio pode estar suxeito ás determinacións dun ou varios destes ámbitos en función das súas singularidades naturais ou antrópicas.
- 1.2. DETERMINACIÓNS**
- En función das particularidades de cada un destes ámbitos descríbese ao longo dos - seguintes capítulos deste título, entre outros:
- **Identificación:** recolle a forma na que se localizan estes ámbitos xa que poden estar recollidos na cartografía do POL e / ou nos seus anexos e fichas de unidades de paisaxe. Ademais o planeamento urbanístico, no momento de revisión e adaptación ao POL, poderá concretar a delimitación dalgúns destes ámbitos, cunha metodoloxía análoga, ou incorporar outros novos desde o punto de vista da escala e a representatividade ou singularidade no concello.
 - **Obxectivos:** recolle a finalidade ou o propósito que se persegue en cada un destes ámbitos.
 - **Criterios:** recolle as pautas ou a metodoloxía a seguir para conseguir os obxectivos anteriormente descritos.

CAPÍTULO 1. ÁREAS DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

ART 10.- ÁREAS DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

- A análise dos elementos constitutivos destas paisaxes, os seus valores e os seus procesos orixinou un Modelo Territorial definido mediante diferentes áreas suxeitas a distintas regulacións que ten como obxectivo a xestión integral do territorio litoral.
- A efectos do presente Plan de Ordenación do Litoral, dentro do ámbito, distínguense as seguintes áreas:
- a) **Protección:** ámbitos que, en atención ás súas características naturais singulares así como aquelas relacionadas coas formas e procesos litorais, son merecedores dun especial tratamento.
- As categorías de protección que se integran nesta área, agrúpanse, á súa vez en:
- | | |
|-------------------|--|
| Ambiental: | Intermareal
Costera
Bosques
Ecolóxica |
| Corredor. | |
- b) **Mellora ambiental e paisaxística:** constitúe a fronte litoral, trátase do territorio directamente asociado coa paisaxe litoral. Posúe un grande interese desde o punto de vista dos seus valores ambientais e paisaxísticos e ao mesmo tempo convive cunha forte presiónantrópica.
 - c) **Ordenación litoral:** ámbitos de organización do modelo territorial no que se fai compatible o crecemento coa protección dos valores litorais mediante a axeitada identificación destes.

ART 11.- PROTECCIÓN AMBIENTAL

- Comprende os ámbitos con caracteres físicos e ambientais sobresaíntes relacionados coa dinámica costeira así como aqueles elementos de valor en atención ás súas características naturais, englobando as seguintes categorías de protección:
- Identificación
- Encóntranse recollidas na cartografía do POL e das fichas das unidades de paisaxe.



IV.1.02

Esteiro de Sismundi. Ría de Ortigueira.



IV.1.03

Cantis da Capelada. Rías Altas.

1. INTERMAREAL

Correspóndese coas áreas nas que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros xerando formas asociadas á dinámica fluvio-mariña, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

Recolle as áreas de elevado valor natural ambiental por albergar as chairas intermareais, así como as marismas altas e baixas, todos eles ámbitos afectados pola dinámica fluvio - mariña.

1.1. Obxectivos

- Preservar a funcionalidade destes ecosistemas profundamente vinculados coa dinámica fluvio - mariña.
- Mellorar a calidade das augas e evitar as verteduras ás mesmas.
- Divulgar o seu coñecemento facendo especial fincapé na identificación dos seus riscos e elementos definitorios.

1.2. Criterios

- Evitar, na medida do posible, a implantación de instalacións e edificacións nestes ámbitos.
- Evitar alterar o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural, promovendo a súa rexeneración.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidos e autorizables nestes ámbitos.

2. COSTEIRA

Correspóndese coas áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

Recolle, polo tanto, espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico por constituír as xeofor-
mas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo xeito inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas costeiras.


2.1. Obxectivos

- Unha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar aqueles valores de identidade e característicos desde o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico.
- Preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas proporcionándolles conectividade.
- Mellorar a calidade do contorno e os areais do sistema praia-duna.
- Divulgar o seu coñecemento facendo especial fincapé na identificación dos seus riscos definitorios.

2.2. Criterios

- Preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos, evitando a súa substitución por especies alóctonas.
- Evitar, na medida do posible, as discontinuidades garantindo deste xeito a súa funcionalidade e diversidade.
- Evitar, na medida do posible, a implantación de edificacións nestes ámbitos.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural, promovendo a súa rexeneración.

Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidas e autorizables nestes ámbitos.



Ensenada de Barra. Ría de Vigo.



Vilarrube Este. Río das Mestas. Ría de Cedeira.

3. BOSQUES

Engloba aqueles ámbitos onde o carácter físico dominante é a vexetación arbórea autóctona por conformar hábitats de interese e alta fraxilidade, incluíndo as masas de repoboación, os soutos e carballeiras así como outras masas mixtas e a vexetación de ribeira, entre outros. Neste mesmo grupo incluíríanse as masas de recolonización.

Na maioría dos casos non responde a superficies continuas.

3.1. Obxectivos

- Preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas proporcionándolles conectividade a través da súa conexión con outros hábitats mediante os corredores ecolóxicos.
- Evitar a súa fragmentación.
- Garantir unha axeitada xestión.
- Integrar os usos e actividades autorizables nestes ámbitos.
- Divulgar o seu coñecemento facendo especial fincapé na identificación dos seus riscos e elementos definitorios.

3.2. Criterios

- Preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos, evitando a súa substitución por especies alóctonas.
- Mellorar a súa extensión e calidade a fin de colaborar á fixación de carbono, contribuíndo deste xeito ás estratexias de redución de gases de efecto invernadoiro.
- Evitar unha excesiva presión sobre os bordos garantindo a súa función de filtro natural así como unha axeitada transición co resto dos compoñentes da matriz biofísica asociada.
- Evitar, na medida do posible, a implantación de edificacións nestes ámbitos.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural, promovendo a súa rexeneración.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidas e autorizables nestes ámbitos.

4. ECOLÓXICA

Engloba maioritariamente aqueles espazos que conteñen hábitats de interese e alta fraxilidade por pertencer ao amplo catálogo de brañas recollidas no Convenio RAMSAR. Tamén recolle, en función da súa localización en relación á paisaxe litoral espazos recollidos como Lugares de Interese Comunitario (LIC).

Non responde a superficies continuas na maioría dos casos.

4.1. Obxectivos

- Preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas proporcionándolles conectividade a través da súa conexión con outros hábitats mediante os corredores ecolóxicos.
- Evitar a súa alteración por procesos de desecamento e / ou colmatación.
- Divulgar o seu coñecemento facendo especial fincapé na identificación dos seus riscos e elementos definitorios ecolóxicos e paleo-ecolóxicos.

4.2. Criterios

- Preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos, evitando o seu desecamento e / ou colmatación.
- Evitar unha excesiva presión garantindo a súa función de filtro natural das augas afluentes e do manto freático.
- Evitar, na medida do posible, a implantación de construcións e instalacións nestes ámbitos.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural, promovendo a súa rexeneración.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidas e autorizables nestes ámbitos.



Esteiro do Tambre. Ría de Muros e Noia.

ART 12.- PROTECCIÓN DE CORREDOR

Encóntranse recollidos nesta categoría, entre outros, os ríos e a súa vexetación de ribeira, así como os ámbitos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats que os conforman, incluíndo áreas hidromorfas, mato de substitución, lagoas non costeiras e encoros.

Configúranse como ámbitos continuos, de carácter territorial, de conexión de elementos patrimoniais tanto desde o punto de vista natural como cultural. Así dótase de conectividade ecolóxica e funcional ao territorio.

Configúrase, así, como unha protección que se superpón ao resto das determinacións específicas de cada Área que atravesese. Así dótaselles dun valor engadido como espazos necesarios para o bo funcionamento do sistema.

1.1. Identificación

Encóntranse recollidos de xeito orientativo na cartografía do POL e das fichas de unidades de paisaxe.

O planeamento municipal deberá precisar os ámbitos delimitados na cartografía motivando, conforme á metodoloxía e determinacións recollidas no presente plan e de xeito coordinado cos organismos con competencias na materia a súa concreta definición. En tanto en conta isto se produza rexerás as determinacións establecidas na presente normativa.

Do mesmo xeito o planeamento municipal poderá establecer, no momento da súa revisión e adaptación ao POL, cunha metodoloxía análoga, outros corredores axeitados á escala e funcionalidade no municipio.

1.2. Obxectivos

- Dar continuidade ao resto de Áreas de Protección recollidas, contribuíndo a unha maior funcionalidade e diversidade dos ecosistemas e paisaxes, minimizando a fragmentación provocada por outros usos.
- Presevar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos.
- Establecer unha rede verde a escala territorial que sirva de soporte para o coñecemento e posta en valor deste rico patrimonio.
- Facilitar a utilización destes espazos como corredores non só ecolóxicos senón tamén funcionais.
- Dotar de lexibilidade ao territorio
- Favorecer o seu coñecemento e gozo pola sociedade.

1.3. Criterios

- Favorecer a máxima conectividade dos ecosistemas dispersos no territorio mediante a súa configuración a xeito de mesta rede xerarquizada aproveitando os distintos espazos e nodos, integrando deste xeito as relacións das especies de fauna e flora.
- Evitar a fragmentación garantindo a súa funcionalidade e diversidade.
- Evitar, na medida do posible, a implantación de construcións e instalacións nestes ámbitos.
- Considerar as determinacións e limitacións que supoñen ás establecidas para cada unha das distintas áreas que atravesase.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e reforma respectivamente.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidas e autorizables nestes ámbitos.
- Integrar sendeiros e percorridos para conseguir fomentar deste xeito o coñecemento do seu rico patrimonio natural e cultural ao mesmo tempo que asegurar a súa conectividade e funcionalidade co resto do territorio costeiro.

ART 13.- MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

Recolle o territorio comprendido entre á área costeira e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, comprendendo deste xeito a paisaxe litoral próxima á costa.

Engloba as chairas e vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado coa presenza do mar, constituíndo ademais na maioría dos casos, as áreas suxeitas a maior presión antrópica nas últimas décadas, onde se fai preciso a súa tutela desde o punto de vista ambiental e paisaxístico.

1.1. Identificación

Encóntrase recollida na cartografía do POL e das fichas de unidades de paisaxe.

1.2. Obxectivos

- Preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural.
- Reivindicar esta fronte litoral como un elemento propio, un trazo distintivo, un recurso e un indicador da calidade de vida de Galicia.
- Garantir a utilización racional dos recursos naturais.
- Conservar, preservar e protexer os valores intrínsecos da paisaxe litoral.
- Garantir a integridade do bordo costeiro como un espazo público de calidade e de gozo social.
- Garantir o desenvolvemento urbanístico sostible e a súa integración na paisaxe.

1.3. Criterios

- Evitar a ocupación da fronte do litoral.
- Favorecer a concentración fronte aos procesos de dispersión.
- Mellorar, recualificar, conservar e renovar as fachadas marítimas dos asentamentos propios do litoral.
- Favorecer o mantemento desta área como un espazo aberto e natural en continuidade coa área costeira.
- Mellorar a calidade ambiental e paisaxística da paisaxe litoral.
- Preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e reforma, respectivamente.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidas e autorizables nestes ámbitos.

ART 14.- ORDENACIÓN LITORAL

Recolle as planicies costeiras e de transición situadas tras a fronte litoral nas que, na maioría das ocasións, podemos encontrar asentamentos ligados visual e / ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

1.1. Identificación

Encóntrase recollida na cartografía do POL e das fichas de unidades da paisaxe.

1.2. Obxectivos

- Garantir a utilización racional dos recursos naturais
- Conservar, preservar e protexer os seus valores.
- Garantir o desenvolvemento urbanístico sostible e a súa integración na paisaxe.

1.3. Criterios

- Favorecer o mantemento desta área como un espazo de relación dos distintos asentamentos e usos co seu contorno natural.
- Evitar a dispersión.
- Evitar os procesos de unión de núcleos mediante continuos lineais en torno ás vías de comunicación.
- Contribuír á mellora da súa calidade ambiental e paisaxística.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e reforma respectivamente.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidos e autorizables nestes ámbitos.

CAPÍTULO 2. ESPAZOS DE INTERESE

Así mesmo, co dobre obxectivo de preservar e favorecer o coñecemento dos valores naturais e culturais do litoral, recóllense na Cartografía outros espazos de interese dentro do ámbito:

- a) Espazos de Interese Xeomorfolóxico
- b) Espazos de Interese de Taxons
- c) Espazos de Interese Paisaxístico
- d) Outros Espazos con Protección recoñecida
- e) Núcleos de Identidade do Litoral



IV.1.07

Perfil acantilado de Costa da Vela. Ría de Aldán e Costa da Vela.



IV.1.08

Presenza de *Linaria aguillonesis* no perfil acantilado de Estaca de Bares.

ART 15.- ESPAZO DE INTERESE XEOMORFOLÓXICO

Recolle os ámbitos únicos e singulares das xeoformas costeiras.

1.1. Identificación

Estes espazos atópanse na súa práctica totalidade recollidos nalgunha das categorías descritas nos apartados Protección e Mellora ambiental e paisaxística anteriores.

Atópanse recollidos na cartografía do POL e das unidades de paisaxe.

1.2. Obxectivos

- Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas de formas, as súas características e relacións espaciais, así como a súa evolución e dinámica actual.
- Mellorar o coñecemento das xeoformas costeiras.

1.3. Criterios

- Evitar a transformación da súa configuración morfolóxica.
- Recuperar os sistemas, estruturas e formas alterados.

ART 16.- ESPAZOS DE INTERESE DE TAXONS

Recolle a existencia de taxons vexetais endémicos, vulnerables ou de distribución reducida, recollidos no Atlas e Libro Vermello da Flora Vascular Ameazada de España, recoñecibles como Taxons Prioritarios. Son un dos patrimonios máis fráxiles existentes na costa de Galicia.

1.1. Identificación

Estes espazos encóntranse na súa práctica totalidade recollidos nalgunha das categorías descritas nos apartados, Protección e Mellora ambiental e paisaxística, anteriores. Para a súa definición abrangueuse toda a xeoforma en que aparece a especie.


Atópanse recollidos na cartografía do POL e das unidades de paisaxe.

1.2. Obxectivos

- Preservar e manter as singularidades ecolóxicas do espazo que o alberga.
- Favorecer a funcionalidade ecolóxica destas especies.

1.3. Criterios

- Prestar especial atención á tutela e mellora dos elementos naturais singulares das especies que os habitan.
- Evitar a transformación destes hábitats que lles son propios.



IV.1.09

Illas de Arousa e arquipiélago de Rúa e os Guidoiros.

ART 17.- ESPAZOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Comprenden algúns dos espazos costeiros sobresaíntes pola súa excepcionalidade ou singularidade física, polos seus caracteres xeomorfolóxicos ou pola súa incidencia no imaxinario colectivo do litoral de Galicia.

Recole, entre outras, as unidades de paisaxe de gran cantil, os cabos e outros elementos significativos do relevo costeiro, representativos non só polos seus valores naturais senón tamén polos culturais.

Son ámbitos de importancia desde o punto de vista da súa representatividade como fitos configuradores da paisaxe. Do mesmo xeito están sometidos a unha elevada exposición visual polo que calquera alteración que non atenda aos seus trazos ou elementos significativos é susceptible de xerar un impacto importante na paisaxe litoral.

1.1. Identificación

Estes espazos encóntranse recollidas na cartografía do POL, así como no seu anexo correspondente.

Do mesmo xeito o planeamento municipal poderá establecer, no momento da súa revisión e adaptación ao POL, cunha metodoloxía análoga, outros ámbitos desde o punto de vista da escala e a representatividade ou singularidade no municipio.

O planeamento urbanístico deberá delimitar estes espazos e establecer para eles unhas determinacións específicas, en función da Área do POL onde se localicen, atendendo aos seguintes obxectivos e criterios:

1.2. Obxectivos

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade do mesmo.
- Manter unha paisaxe de calidade ambiental, funcional e visual.
- Potenciar a súa imaxe, tanto desde o mar e as rías como, desde os miradoiros e puntos de observación definida nas distintas unidades de paisaxe.
- Na medida do posible manter o carácter das mesmas sexa este natural, urbano ou rural.
- Integrar os usos e actividades autorizables nestes ámbitos.
- Divulgar o seu coñecendo facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitorios naturais ou antropolóxicos.

1.3. Criterios

- Valorar a exposición visual dos usos e construcións autorizables, así como a alteración da imaxe da área, en relación á caracterización, os valores e obxectivos de calidade paisaxística definida nas fichas das unidades de paisaxe correspondentes.
- Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística dos conxuntos ou elementos que desfiguren os seus trazos e valores identitarios.
- Nas Áreas de Interese Paisaxístico que presenten elementos xeomorfolóxicos de elevado interese ou singularidade, prestarase especial atención á conservación deses valores sen que poidan autorizarse construcións, instalacións e edificacións que os alteren.
- Poñer en valor os seus elementos de carácter natural e cultural sobresaíntes da área.
- Integrar os usos autorizables de xeito que se sigan identificando os elementos significativos de carácter natural ou cultural representativos da área.

1.4. Desenvolvemento

- Os usos que se desenvolven nestes ámbitos deberán acompañar un estudo de integración paisaxística conforme ás determinacións recollidas no Título VI deste Plan.

ART 18.- OUTROS ESPAZOS CON PROTECCIÓN RECOÑECIDA

Como mecanismo de posta en valor do litoral e ao mesmo tempo de coordinación administrativa recóllense aqueles ámbitos de protección ambiental recoñecida por outros instrumentos de carácter autonómico, nacional e internacional.

1.1. Identificación

Encóntranse recollidos na cartografía do POL e das unidades de paisaxe.

Diferéncianse os seguintes ámbitos:

- Rede Espazos Naturais, espazos recollidos nalgunha das categorías establecidas no art. da Lei 9/2001 de Galicia, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Rede Natura 2000 (LICs e Cepas).
- RAMSAR

1.2. Criterios

Estes Espazos rexeranse polo establecido para as distintas Áreas no presente documento agás determinacións máis restritivas establecidas na súa lexislación específica.

ART 19.- NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL

Os núcleos de identidade do litoral responden a asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro confírelles unha singularidade que lles fai merecedores dun tratamento específico.

1.1. Identificación

Estes núcleos de Identidade do Litoral están recollidos no Anexo correspondente.

O planeamento urbanístico deberá delimitar estes núcleos xa recollidos no presente Plan e establecer para eles unhas determinacións específicas, en función da Área do POL en que se localicen atendendo aos seguintes obxectivos e criterios:

1.2. Obxectivos

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar.
- Potenciar a imaxe que se ten desde o exterior tanto desde o mar e as rías como desde terra.
- Impulsar o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da súa actividade económica sobre a base da calidade, a innovación e o aproveitamento sostible dos recursos naturais e culturais do territorio no que se insire e xestiona.
- Apoiar un modelo de ordenación que favoreza o desenvolvemento da súa base patrimonial, prestando especial atención ao mantemento da trama tradicional e a súa relación coa paisaxe.

1.3. Criterios

- Establecer determinacións con respecto á relación fondo - figura, que permitan unha lectura clara do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os elementos singulares do mesmo.
- Establecer determinacións específicas para a consolidación da fachada marítima como un signo de identidade do mesmo, con especial atención aos seus elementos característicos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.
- Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como un contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e a natureza do núcleo.
- Procurar o “esponjamiento” do bordo marítimo como ámbito de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.
- Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no presente Plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.)
- Mellorar os niveis de calidade de vida existente favorecendo o desenvolvemento sostible.

CAPÍTULO 3. ÁMBITOS DE RECUALIFICAIÓN

ART 20.- DEFINICIÓN

Recollen áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais. Normalmente son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia senón toda a costa europea nas últimas décadas.

A fragmentación de hábitats, a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral, así como a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión social, adoitan ser consecuencia da súa implantación.

1.1. Identificación

Encóntranse recollidas nas fichas de unidades de paisaxe do POL.

Do mesmo, xeito o planeamento municipal poderá identificar, cunha metodoloxía análoga, no momento da súa revisión e adaptación ao POL, ámbitos desta natureza conforme aos criterios descritos neste plan.

O planeamento urbanístico deberá delimitar estes ámbitos e establecer para eles unhas determinacións específicas, en función da Área do POL en que se localicen, atendendo aos seguintes obxectivos e criterios:

1.2. Obxectivos

- Reconversión de ámbitos degradados do litoral de Galicia cuxas características de desenvolvemento son incompatibles co modelo do POL proposto.
- Evitar a formación de pantallas arquitectónicas favorecendo a permeabilidade e conectividade visual coa costa.
- Mellora da imaxe do bordo costeiro.
- Favorecer a conectividade de hábitats.
- Restituír, na medida do posible, a paisaxe natural, rural ou urbano dotandoo da funcionalidade e estrutura que lle son propios e mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
- Evitar a presión sobre as áreas máis fráxiles e sensibles do litoral.

1.3. Criterios

- Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.
- Naturalización, é dicir favorecer a integración do ámbito no seu medio natural ou rural vindeiro mediante a incorporación de elementos naturais (río, arrollo, bosquetes, etc.).
- Esponxamento, para preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatible coa capacidade de carga do territorio e / ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.
- Reordenación, para establecer criterios urbanísticos que garantan os obxectivos de idoneidade e calidade dos desenvolvementos establecidos no presente Plan.
- Non se permitirán crecementos urbanísticos desde estas áreas, as actuacións limitaranse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o que existe.

ART 21.- DESENVOLVEMENTO

- O seu desenvolvemento será posible tras a axeitada clasificación do planeamento urbanístico conforme á lexislación vixente.
- Os instrumentos de desenvolvemento destes ámbitos serán os establecidos na lexislación urbanística conforme á natureza dos mesmos.
- A delimitación destes ámbitos poderá ser continua ou descontinua e deberá estar axustada aos obxectivos, criterios e determinacións anteriormente descritos.
- O seu desenvolvemento incorporará un Estudo de Integración Paisaxística que poderá pormenorizar a súa delimitación en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre elas e os lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado, a morfoloxía e tipoloxías propias dos mesmos e da área xeográfica en que se encontran.



Enseada de Rianxo. Ría de Arousa. Rías Baixas.

CAPÍTULO 4. SISTEMAS XERAIS TERRITORIAIS

ART 22.- DEFINICIÓN

Os Sistemas Xerais Territoriais comprenden as grandes infraestruturas significativas como elementos que articulan o territorio litoral. Dentro desta categoría englobanse as seguintes infraestruturas:

- Portos Estatais.
- Portos Autonómicos.
- Aeroportos.
- Ferrocarrís.
- Estradas de titularidade estatal e a rede de estradas autonómicas, así como aquelas outras de carácter estruturante do territorio con independencia da súa titularidade.
- Instalacións de saneamento e depuración de carácter territorial.

1.1. Identificación

Encóntranse recollidas nas fichas de unidades de paisaxe do POL.

1.2. Obxectivos

- Colaboración administrativa
- Integración das obras instalacións e edificacións.

ART 23.- DESENVOLVEMENTO

1. Os Sistemas Xerais Territoriais rexeranse pola súa lexislación específica. Non obstante, adoptarán como principio reitor da súa actuación o de colaboración interadministrativa, arbitrando os medios axeitados para incorporar as determinacións establecidas no presente documento relativo á conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.
2. No caso de desafectación dun Sistema Xeral Territorial este incluírase na Área de Mellora Ambiental e Paisaxística.

TITULO II. CRITERIOS XERAIS

Os criterios que se presentan a continuación constitúen o marco de referencia base para a xestión das áreas do POL e son de aplicación na totalidade do ámbito de ordenación.

ART 24.- PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

A ordenación dos novos crecementos e a regulación de actividades susceptibles de producir unha transformación significativa do territorio, tales como as instalacións enerxéticas, acuícolas, infraestruturas (portuarias, vías de comunicación, liñas produción e distribución de enerxía...), ou industrias contaminantes, deberán realizarse atendendo á prevención e minimización dos efectos sobre calquera dos elementos ou espazos de valor recollido neste plan e, se é o caso, nos seus instrumentos de desenvolvemento.

Fomentarase a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor natural e cultural recollidos polo presente Plan, así como daqueles outros recollidos polos seus instrumentos de desenvolvemento e o planeamento territorial e urbanístico.

O planeamento urbanístico establecerá entre os seus obxectivos a consecución dunha malla de espazos libres, a fin de permitir o contacto da poboación coa natureza e as áreas rurais, conservar unhas condicións ambientais axeitadas e salvagardar as zonas con valores ecolóxicos, culturais e paisaxísticos compatibles coas actividades humanas, integrándose no modelo territorial proposto.

O planeamento urbanístico deberá prever corredores ecolóxicos, partindo dos xa recollidos polo presente Plan, co obxecto de crear un sistema de espazos libres que promovan a permeabilidade do territorio ademais de garantir a protección das áreas máis sensibles.

ART 25.- MOBILIDADE

A mobilidade é unha das variables máis significativas para a mellora da calidade de vida e a cohesión social que, ben xestionada, contribúe á minoración do gasto enerxético.

Deste xeito desde o planeamento urbanístico, fomentanrase os desenvolvementos que aporten por modelos de mobilidade sostible e evitanse os crecementos lineais e os dispersos e optarase, non obstante, por estruturas de asentamento que aumenten a compacidade, diversidade e complexidade de usos.

O planeamento urbanístico considerará de maneira conxunta o deseño dos itinerarios de mobilidade co obxecto de garantir a conexión e accesibilidade da poboación aos novos usos previstos e / ou existentes, maximizando a eficiencia e calidade do desprazamento.

En todo caso, a planificación e deseño de itinerarios de mobilidade deberá integrar as seguintes consideracións en función das características dos desprazamentos xerados (puntos orixe-destino, características dos usuarios persoas e / ou mercadorías, lonxitude, frecuencia, intensidade...):

- Os itinerarios deberán realizarse, na medida do posible, sobre a rede de vías e camiños existentes, dando prioridade a aqueles de carácter tradicional debido á súa maior integración co médelo de organización do territorio e o relevo.
- Os itinerarios deberán contemplar o uso de medios alternativos ao vehículo privado motorizado en función das anteriores características dos desprazamentos e a perspectiva dos colectivos vulnerables, como son o transporte colectivo (público ou privado, viario ou ferroviario), en bicicleta ou peonil. Para isto preveranse espazos para a súa circulación e estacionamento especializado.

- Os itinerarios deberán seleccionar, na medida do posible, aqueles percorridos que acheguen calidade e benestar ao usuario, como aqueles que inclúen o paso ou o acceso visual a elementos con valores naturais, culturais e paisaxísticos; en definitiva, sempre que quede garantida a súa protección e funcionalidade, o que contribuirá ademais á súa posta en valor.
- A planificación de infraestruturas deberá garantir condicións de seguridade e comodidade para os usuarios dos tipos de transporte, especialmente dos non motorizados.

Fomentarase a planificación de itinerarios alternativos interurbanos de tal xeito que se integren no tecido urbano e no tecido rural.

A planificación de actuacións significativas en xeración de mobilidade, como grandes centros comerciais, centros de transporte, grandes centros produtivos ou crecementos urbanísticos de especial relevancia, deberá incorporar os estudos necesarios para que tanto a elección do seu emprazamento, como o deseño dos sistemas de infraestruturas, garantan a conexión coa rede viaria existente, sen menoscabar significativamente a súa capacidade. Do mesmo xeito deberán garantir a súa accesibilidade a través de tipos de transporte alternativo ao vehículo privado motorizado.

ART 26.- ENERXÍA

As infraestruturas de produción, distribución e transporte da enerxía deberán optimizar a súa integración no territorio. No caso das novas infraestruturas a planificar, así como a reconversión, ampliación ou mellora das xa existentes, a súa localización e / ou percorrido deberán prever e evitar os posibles efectos negativos sobre o territorio. Para iso teranse en conta os valores establecidos no presente documento.

No tocante ás infraestruturas existentes, procurarase o seu tratamento de integración paisaxística, polo menos naqueles espazos que pola súa significación e valor patrimonial, ambiental ou paisaxístico se considere necesario para o mantemento dos seus valores. Nestes casos, os planeamentos municipais procurarán o soterramento dos seus tendidos aéreos.

ART 27.- CICLO HÍDRICO

A planificación hidrolóxica constituirá o marco de referencia para a planificación das políticas sectoriais e a ordenación dos distintos usos e actividades no ámbito do litoral, para acadar unha utilización eficiente do recurso da auga na súa concepción de ciclo, que permita manter as súas funcións ecolóxicas ao mesmo tempo que se cobren as necesidades de abastecemento, saneamento e depuración.

Fomentarase a máxima eficiencia nos sistemas de abastecemento e saneamento coa implantación das últimas tecnoloxías que mellor se adapten ás condicións de demanda do recurso e de xeración de augas residuais, tendo en conta especialmente o seu posible carácter estacional. Para iso o planeamento municipal deberá prestar especial atención ás seguintes consideracións:

- Renovaranse as redes existentes con problemas de eficiencia.
- Promoverase a implantación de sistemas e mecanismos de aforro do recurso, sendo de obrigado cumprimento para as instalacións e edificios públicos.

- O deseño do sistema de saneamento e drenaxe no seu conxunto deberá ser tal que teña en conta a capacidade de admisión do medio receptor, de maneira que a calidade, cantidade, e frecuencia de calquera vertedura aos medios receptores cumpra cos requisitos establecidos pola lexislación vixente de control de emisións e cúmplanse os obxectivos establecidos de calidade dos sistemas acuáticos.
- No medio rural o sistema será preferentemente de tipo separativo, non permitíndose a conexión de augas pluviais aos canos de augas fecais. As solucións de abastecemento e saneamento adaptaranse ás características específicas de cada contexto, considerando a posibilidade de sistemas puntuais illados das redes xerais e de tecnoloxías de baixo custo se fose o caso.
- No ámbito urbano, as redes de saneamento poderán ser de tipo separativo ou unitario.
- As redes deberán ter a suficiente capacidade para a evacuación da totalidade das augas residuais xeradas na zona atendida e das augas de chuva xeradas na súa conca tributaria asociada ao período de retorno de deseño sinalado na normativa de referencia.
- Fomentarase a implantación das Técnicas de drenaxe urbana sostible, co obxectivo de optimizar a xestión dos caudais e da contaminación proveniente das augas de escorrentía.
- En orixe aplicaranse medidas a elementos do sistema de drenaxe previamente á súa incorporación á rede de saneamento. Serán técnicas de control do volume de auga que se introduce na rede, ben desviando parte das augas cara a sistemas que permitan ou faciliten a infiltración no chan (gabias drenantes, depósitos de retención, etc.) ben facendo que o fluxo atravesese medios porosos (pavimentos porosos, depósitos de filtración en leito de area, etc.). Na medida do posible combinaranse con algún tipo de tratamento sinxelo baseado en fenómenos físicos ou biolóxicos, para reducir a contaminación, o que será obrigado nos casos en que así o indique a normativa (Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia, ITOGH).
- Augas abaixo, preferiblemente, na rede de saneamento e excepcionalmente na EDAR, adoptaranse medidas para minimizar os alivios ao medio receptor, implantándose segundo o caso estanques e depósitos de detención ou retención, brañas ou sistemas de infiltración.
- Potenciarase a reutilización das augas residuais convenientemente tratadas, aplicándoa a procesos industriais, tarefas de limpeza pública, rego de espazos libres, regadíos ou outros usos similares. Nas inmediacións do dominio público hidráulico o planeamento establecerá unha ordenación acorde ao mantemento da funcionalidade do ciclo hídrico. Neste sentido evitanse os desenvolvementos urbanísticos nos espazos de maior valor agrolóxico, inundables e de valor hidroxolóxico.

Nas inmediacións do dominio público hidráulico o planeamento establecerá unha ordenación acorde ao mantemento da funcionalidade do ciclo hídrico. Neste sentido evitanse os desenvolvementos urbanísticos nos espazos de maior valor agrolóxico, inundables e de valor hidroxolóxico.

Nas áreas urbanas e rurais empregaranse técnicas como a localización de espazos libres que mellore a vexetación de ribeira.

Os planeamentos urbanísticos contemplarán as actuacións necesarias para erradicar as verteduras directas ao dominio público hidráulico ou ao marítimo terrestre que non cumpran coas condicións de calidade determinadas pola normativa aplicable. En todo caso, para o desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento será condición *sine qua non* que o sistema de saneamento e depuración correspondente, sexa autónomo ou sexa pertencente a unha rede xeral, dea como resultado un efluente coas condicións idóneas para o seu retorno ao medio sen risco de contaminación, tal e como esixe a normativa correspondente.

ART 28.- CICLOS DE MATERIAIS

Deberanse prever e propor as localizacións máis axeitadas para as instalacións de recollida, tratamento e xestión dos residuos atendendo ás condicións de accesibilidade e de acordo coa planificación autonómica de xestión de residuos. En xeral impulsaranse os sistemas de recollida selectiva para favorecer o reemprego e reciclaxe dos materiais.

Deberase garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos para o desenvolvemento de novos ámbitos tanto a nivel territorial como urbanístico.

O planeamento delimitará os espazos necesarios para levar a cabo no seu territorio as verteduras de terras e materiais procedentes de escavacións ao abeiro do previsto no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Promoverase o uso das explotacións mineiras abandonadas como vertedoiros de inertes, previos os requisitos e trámites establecidos na lexislación sectorial específica, a través dos correspondentes proxectos de restauración ambiental e paisaxística.

ART 29.- SOLO

A dispersión urbana favorece a fragmentación ecolóxica, paisaxística, funcional e social do territorio. O crecemento urbano deberá fomentar formas de desenvolvemento compacto e, pola súa parte, vertebrado co seu contorno inmediato, de maneira que garanta un uso eficiente e sostible dos recursos, así como, a optimización territorial e ambiental de infraestruturas e servizos.

O planeamento municipal deberá propiciar unha estrutura urbana que garanta a integración dos núcleos de poboación na paisaxe, definindo axeitadamente as súas tipoloxías construtivas, bordos urbanos, silueta, espazos públicos e viarios a fin de manter as principais vistas e perspectivas do núcleo urbano.

Co obxecto de conseguir un uso máis eficiente e sostible do solo, o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes.

Quedan prohibidos os novos crecementos illados, a excepción dos solos industriais e de equipamentos que o poderán ser atendendo ás mellores condicións de accesibilidade e de xeito que se prevexan e minimicen os efectos negativos sobre o territorio.

Velarase por que a planificación dos novos crecementos procure tramas compactas e diversas en usos, con especial atención á morfoloxía e escala da intervención e con modelos tipolóxicos que se adapten ao contorno. No caso de núcleos tradicionais preexistentes promoverase a continuidade da trama.

Con carácter xeral o planeamento non dirixirá os crecementos urbanísticos cara aos elementos e hábitats máis fráxiles. Deste xeito evitanse os crecementos dirixidos cara a estes ámbitos e espazos e, especialmente, cara ás categorías recollidas nas Áreas de Protección, así como cara aos elementos de carácter natural e cultural destacados. Do mesmo xeito, e sempre que sexa posible, deberá dirixirse cara ás zonas con pendentes máis suaves.

ART 30.- RECURSOS XEOLÓXICOS

Con carácter xeral prohibese a instalación de novas explotacións mineiras e ampliación das existentes nas categorías de protección e mellora ambiental e paisaxística establecidas neste Plan. Porén, o Consello da Xunta poderá autorizar estas actuacións cando se trate de recursos de extraordinario valor económico ou a explotación estea incluída no correspondente plan sectorial.

O réxime das explotacións mineiras en funcionamento non se alterará pola entrada en vigor deste Plan de Ordenación do Litoral. Porén as ampliacións das explotacións existentes na Área de Protección ou na de Mellora Ambiental serán debidamente xustificadas. Se é o caso, as instalacións necesarias deberán localizarse en espazos de menor exposición visual litoral e coas debidas cautelas ambientais.

Todas estas actuacións deberán levar acompañado un estudo de recuperación ambiental e paisaxística do espazo aplicable no momento no que cese a actividade.

Os proxectos de restauración de canteiras poderán establecer as condicións necesarias para o seu recheo con terras e rochas procedentes de escavación.

ART 31.- PREVENCIÓN DE RISCOS

O planeamento, de acordo coa información incluída no presente Plan e outras fontes dispoñibles, deberá definir as áreas de riscos, tanto naturais coma antrópicas, que condicionen ou desaconsellen a implantación de determinados usos.

Nas áreas en que se constate a presenza de riscos, será necesaria a xustificación precisa e exhaustiva das condicións necesarias para a súa excepcional ocupación. En tal caso, o planeamento deberá especificar os parámetros e medidas correctoras exixibles á actuación.

Sen prexuízo do que se establece na Lei 3/2007, do 27 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, non se poderán implantar novas explotacións forestais intensivas a unha distancia inferior de 50 metros de núcleos de poboación. Do mesmo xeito, e agás xustificación expresa da necesidade do seu emprazamento no devandito ámbito, nos novos crecementos urbanísticos non se poderán implantar edificacións a unha distancia inferior á anteriormente establecida.

TITULO III. NORMAS DE PROTECCIÓN

ART 32.- LIMITACIÓNS DE USO

As limitacións xerais de uso regulado en cada Área do POL, así como nos distintos Espazos de interese, enténdense sen prexuízo do réxime máis restritivo que puidese establecer a lexislación sectorial ou o planeamento municipal.

Usos permitidos: os compatibles coas determinacións establecidas para cada Área do POL e Espazo de interese sen prexuízo da exixencia de licenza urbanística municipal e demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan.

Usos autorizables: os suxeitos a autorización da Administración autonómica, previamente á licenza urbanística municipal e nos que se deben valorar en cada caso as circunstancias que xustifiquen a súa autorización coas cautelas que procedan en atención ás súas particularidades. Na autorización destes usos terase en conta o carácter taxado da excepción, os obxectivos e criterios recollidos no Título I e o principio de que os usos non lesionen de maneira importante ou substancial o valor que fundamentou a súa inclusión na correspondente Área do POL ou a súa pertenza a outros Espazos de interese.

Usos prohibidos: os incompatibles coas determinacións establecidas para cada categoría de solo ou que impliquen un risco relevante de deterioración dos seus valores.

Non necesitarán autorización autonómica previa, aos efectos do presente Plan as infraestruturas, dotacións e instalacións previstas nun proxecto sectorial aprobado ao abeiro da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

ART 33.- PROCEDEMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DE USOS

Con carácter xeral o procedemento para a súa autorización será o establecido na lexislación urbanística, sen prexuízo da cal en función do uso se estableza neste Plan outros procedementos complementarios.

No procedemento para a autorización deberase ter en conta:

- Os usos e actuacións autorizables nas distintas áreas deste Plan teñen carácter excepcional e taxado sen que poidan transformar a natureza e vocación do chan, nin lesionar o valor que fundamentou a súa inclusión en cada Área do POL ou Espazo de Interese.
- As autorizacións reguladas neste Plan teñen por obxecto controlar que as obras, usos, construcións, instalacións ou actividades que se pretendan situar nas distintas Áreas e Espazos de interese do POL se adecúen a este así como á lexislación urbanística, con especial atención ás condicións de integración paisaxística, e á normativa reguladora da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, e enténdense sen prexuízo da necesaria obtención das que, se é o caso, fosen pertinentes, atendendo á lexislación sectorial aplicable. Para tales efectos todos os usos autorizables neste Plan incorporarán un Estudo de Integración Paisaxística conforme ás determinacións recollidas no Título VI deste.



ART 34.- USOS PERMITIDOS

1. Actividades de lecer, como a práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
2. Actividades científicas, escolares e divulgativas.
3. Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren e non provoquen impacto paisaxístico.
4. Muros de contención así como peches ou valado de predios sempre que non supoñan unha alteración do carácter da paisaxe no que se integran tal e como se establece no presente Plan.
5. Igualmente, permítense as obras referidas a labores de conservación e mantemento de infraestruturas, equipamentos, edificacións, instalacións, actividades e procesos industriais preexistentes, así como as correspondentes á conservación, mantemento e mellora das instalacións e servizos públicos existentes á entrada en vigor deste Plan.
6. Con carácter xeral, son usos permitidos os admitidos pola lexislación de costas -para a protección, restauración e utilización do dominio público marítimo- e terrestre, coas particularidades establecidas no Título V relativo ás praias. Todas estas actuacións deberán tomar como base os criterios de intervención recollidos na Guía de boas prácticas que a tal efecto realizará a Consellería competente en materia ambiental.

ART 35.- USOS AUTORIZABLES CON CARÁCTER XERAL

Con carácter xeral, poderanse autorizar:

- Obras de rehabilitación de edificacións preexistentes cuxo uso e carácter sexa compatible cos establecidos para cada categoría de protección polo presente plan, sempre que non supoñan incremento de volume nin alteren os seus caracteres tipolóxicos.
- Obras de rehabilitación, renovación e reforma de edificacións que sexan recollidas no planeamento territorial ou urbanístico como elementos de interese integrantes do patrimonio cultural paisaxístico etnográfico do litoral, nos que se admitirá o cambio de uso para fins de dotación públicos ou establecementos hoteleiros, hoteis rurais e de restauración conforme aos artigos 34, 38 e 43 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia.
- Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e gozo do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural, sempre que non comporten a transformación do seu carácter e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.
- Actuacións, construcións e instalacións, permanentes ou non, vinculadas a un servizo público ou á execución, mantemento e servizo de obras pública e infraestruturas que cómpre situar nestas áreas.
- Instalacións asociadas a actividades científicas, de investigación, información e interpretación directamente vinculadas co carácter da categoría de protección en que se sitúe.
- A execución de novas pistas ou camiños que deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, á natureza das unidades de paisaxe descritas nas fichas, cona menor alteración posible dos seus elementos característicos aos efectos de minimizar e corrixir os posibles impactos.

ART 36.- USOS AUTORIZABLES PARA CADA ÁREA

Ademais dos usos autorizables con carácter xeral, nas seguintes Áreas poderanse autorizar:

1. ÁREA DE PROTECCIÓN

1.1. Protección Intermareal

- Explotacións acuícolas e marisqueiras de carácter tradicional e as súas instalacións asociadas.
- Actividades de carácter deportivo, sociocultural, (cultural) recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións mínimas e imprescindibles para o uso do que se trate.

1.2. Protección Costeira

- Explotacións acuícolas e marisqueiras de carácter tradicional.
- Actividades de carácter deportivo, sociocultural, (cultural) recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións mínimas e imprescindibles para o uso do que se trate.
- Poderán autorizarse especificamente as construcións e instalacións necesarias para actividades de tala-soterapia, augas termais, sistemas de depuración de augas, estaleiros.
- Aparcadoiros abertos ao uso público para o acceso ás praias nos termos establecidos no presente plan, na regulación específica para as mesmas.

1.3. Protección de bosques

- Cambio de uso para fins de lecer, sendeirismo e turismo rural de edificacións que sexan elementos do patrimonio cultural e etnográfico, recoñecidos administrativamente, aos que alude o artigo 75. Catálogos da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Instalacións asociadas a actividades deportivas directamente vinculadas co carácter desta categoría.
- Instalacións relacionadas co mantemento do propio arboredo.
- No caso de áreas localizadas en tecidos edificados poderase autorizar o seu uso como parques ou reservas verdes de carácter municipal (sistemas xerais), sempre e cando o seu tratamento sexa acorde coa natureza do espazo.

1.4. Protección de ecolóxica

- Usos encamiñados á restauración das súas funcións ecolóxicas en consonancia cos principios da Convención de Ramsar e a Rede Natura 2000.
- No caso de prados húmidos suxeitos a explotación agraria poderán autorizarse as vivendas das persoas que teñan que vivir real e permanentemente vinculadas á explotación.

1.5. Protección de corredor

- Cambio de uso para fins de lecer, sendeirismo e turismo rural de edificacións que sexan elementos do patrimonio cultural e etnográfico, recoñecidos administrativamente, aos que alude o artigo 75. Catálogos da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Instalacións vinculadas ás explotacións agrícolas e gandeiras, sempre que se asegure a conectividade e funcionalidade do ámbito.
- No caso de áreas localizadas en tecidos edificados poderase autorizar o seu uso como parques ou reservas verdes de carácter municipal (sistemas xerais), sempre e cando o seu tratamento sexa acorde coa natureza do espazo.
- No caso de prados húmidos suxeitos a explotación agraria poderán autorizarse as vivendas das persoas que teñan que vivir real e permanentemente vinculadas á explotación.

2. ÁREA DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

- Obras de rehabilitación e cambio de uso para uso residencial, agrícola, gandeiro, forestal e outros análogos de edificacións recollidas no planeamento territorial ou urbanístico como elementos de interese integrantes do patrimonio cultural paisaxístico etnográfico do litoral que non alteren os seus caracteres tipolóxicos sempre que non estean declarados fóra de ordenación.
- Instalacións e construcións que sexan necesarias para as explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e outras análogas, que garden relación coa natureza, extensión e utilización do predio, incluídas as vivendas das persoas que teñan que vivir e vivan real e permanentemente vinculadas á correspondente explotación.
- Construcións necesarias para as explotacións de acuicultura e marisqueo.
- Actividades de carácter deportivo, sociocultural, (cultural) recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións mínimas e imprescindibles para o uso do que se trate.
- Poderanse localizar sistemas de espazos libres, tanto xerais coma locais, que pola súa natureza sexan compatibles cos seus valores. O tratamento gardará relación co carácter e natureza da paisaxe.
- Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que teñan que localizarse necesariamente no medio rural, como son: os cemiterios, as escolas agrarias, os centros de investigación e educación ambiental, entre outros.
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que potencien o medio onde se sitúen.

3. ÁREA DE ORDENACIÓN LITORAL

Serán autorizables os usos e edificacións establecidas na lexislación, así como polo planeamento territorial e urbanístico, conforme ás características e natureza dos solos.

TITULO IV. DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS

ART 37.- CRITERIOS XERAIS

Regúlanse neste apartado de maneira específica os desenvolvementos urbanísticos co obxectivo de establecer unha serie de pautas para o planeamento que fagan posible a conciliación das necesidades de crecemento municipal coa preservación dos valores costeiros.

Para iso realizouse un estudo dos asentamentos. A análise correspóndese coa categoría dos asentamentos, segundo o tipo de agrupación, a súa orixe, morfoloxía e funcionalidade.

- Co obxecto de conseguir un uso máis eficiente e sostible do solo, o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes.
- O planeamento xeral velará por que os novos crecementos urbanísticos se presenten de forma integral, con especial atención á morfoloxía e escala de intervención e con modelos tipolóxicos que se adapten, no básico, ao contorno. No caso de núcleos preexistentes promoverase a continuidade da trama.
- O Planeamento dirixirá os crecementos urbanísticos cara ás zonas con pendentes máis suaves e menos exposición e relación visual coa costa.
- O planeamento dirixirá os crecementos urbanísticos na medida do posible en dirección contraria á costa e, en todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os elementos de valor recollidos neste Plan.
- Prestarase especial atención á integración paisaxística e á calidade ambiental e escénica das intervencións que se realicen na fachada marítima, evitando a formación de pantallas arquitectónicas.
- Prohíbense as urbanizacións illadas.
- Poderase clasificar solo urbanizable industrial illado atendendo ás mellores condicións de accesibilidade e de xeito que se xere o mínimo impacto sobre o territorio.

ART 28.- CONDICIÓNS ESPECÍFICAS NAS ÁREAS DE MELLORA AMBIENTAL

Nesta área permitiranse os crecementos urbanísticos desde aqueles asentamentos considerados tradicionais (orixinais) ou de carácter funcional.

Estes crecementos urbanísticos deberán de xustificarse necesarios para a satisfacción das necesidades de crecemento municipal no marco dun desenvolvemento equilibrado e sostible. Estes crecementos urbanísticos realizaranse conforme aos seguintes criterios:

- Atender á natureza e estrutura morfolóxica do núcleo, así como á súa relación coa paisaxe urbana ou rural próxima.
- Establecer usos, intensidades e tipoloxías acordes coas existentes.
- Consolidar as áreas intersticiais no interior dos núcleos.
- Evitar, na medida do posible, os crecementos en dirección á costa e ás Áreas afectadas polas categorías de protección, así como cara aos Espazos de interese, a non ser que o planeamento xustifique outra solución máis racional atendendo á distancia dos mesmos á costa ou ás categorías de protección, aos valores ambientais.
- Con carácter xeral evitarse a conexión dos núcleos mediante o desenvolvemento dos seus respectivos crecementos, a fin de impedir a formación dun continuo urbano, non sendo que se trate da absorción de barrios ou núcleos polo crecemento planificado dunha cidade.
- Excepcionalmente e de maneira motivada, sen modificar o carácter da súa morfoloxía, poderase prever a unión de entidades menores ou barrios cuxa estrutura permita un recheo dos baleiros entre espazos xa edificados así como a regularización dos límites dos mesmos.

ART 39.- CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DOS NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL

Con independencia da Área na que se encontren os núcleos clasificados como de Identidade do Litoral, poderán de maneira motivada establecer novos crecementos urbanísticos necesarios para a satisfacción das necesidades de crecemento municipal no marco dun desenvolvemento equilibrado e sostible, atendendo aos seguintes criterios:

- Atender á natureza e estrutura morfolóxica do núcleo, así como a súa relación coa paisaxe urbana ou rural próxima.
- Establecer usos, intensidades e tipoloxías acordes coas existentes.
- Consolidar as áreas intersticiais no interior dos núcleos.
- Prestar especial atención ao tratamento da fachada marítima.

TITULO V. DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS PARAAS PRAIAS E O SEU CONTORNO

ART. 40. PROTECCIÓN DE SISTEMA PRAIA - DUNA

Con carácter xeral os sistemas Praia-Duna identificados na cartografía quedarán suxeitos á seguinte regulación:

- As instalacións que nelas se permitan, serán de libre acceso público, non sendo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso, localizaranse minimizando a afección ao funcionamento ambiental do sistema.
- As edificacións de servizo de praia situaranse, preferentemente, fóra dela, sen que teñan incidencia ambiental ou paisaxística co resto de elementos do sistema.
- Co obxecto de establecer as instalacións, edificacións e usos autorizados en cada tipo de praia e o seu contorno cumpriranse as determinacións establecidas con carácter particular para as mesmas neste Plan.

ART. 41. CARACTERIZACIÓN DAS PRAIAS

Proponse unha caracterización das praias co obxecto de establecer o réxime de autorización de usos nas mesmas e no seu contorno próximo, en atención á súa natureza e relación co seu ámbito natural, urbano ou rural lindeiro.

Aos efectos do POL as praias clasifícanse atendendo á súa xénese, ao contorno no que se sitúan, a súa accesibilidade e á intensidade de uso en praias urbanas, periurbanas, rurais e naturais.

A devandita categorización atópase recollida no Anexo correspondente.

- As praias urbanas son aquelas situadas nun contorno urbano, altamente transformado, con fácil accesibilidade e que soportan un intenso uso.
- As praias periurbanas son aquelas cuxo contorno se encontra parcialmente transformado, están próximas a asentamentos urbanos e contan cunha aceptable accesibilidade e elevada afluencia de visitantes.
- As praias rurais son aquelas que están situadas en enclaves de elevada fraxilidade paisaxística, nun contorno pouco transformado que mantén un carácter rural e que, polo xeral, teñen difícil acceso e un uso moderado.
- As praias naturais son aquelas situadas en espazos afastados de núcleos de poboación, en contornos que conservas características moi próximas á naturalidade e contan polo xeral cun difícil acceso e un uso reducido. Algúns destes areas teñen un difícil ou case imposible acceso por terra, sendo habitual o seu acceso polo mar.

ART 42.- REGULACIÓN DAS PRAIAS

A relación de praias e categorías recóllese no anexo correspondente.

ART 43.- REXIME

O réxime de protección das praias establecidas no presente Plan enténdese sen prexuízo das competencias exclusivas do Estado.

ART 44.- PLANS ESPECIAIS

- Poderanse realizar Plans Especiais polas distintas administracións públicas co obxecto de reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno, localizar novos accesos e aparcadoiros, conforme ás determinacións establecidas no presente Plan e na Guía de Boas Prácticas de Intervención nos sistemas praia duna, se é o caso.
- A redacción do Plan Especial poderase realizar a iniciativa dos Concellos en cuxo termo municipal se sitúe a praia, ou ben de oficio pola Comunidade Autónoma.
- Nas praias urbanas, periurbanas, rurais ou naturais recollidas neste Plan nas que o carácter do contorno sexa discordante co da categoría da praia o Plan Xeral de Ordenación Municipal deberá establecer un Plan Especial co obxecto de reordenar, restaurar e protexer a praia e o seu contorno así como localizar novos accesos e aparcadoiros de acordo cos criterios establecidos no presente Plan.
- O Plan Xeral de Ordenación Municipal no momento da súa adaptación a este Plan, prestará especial atención á ordenación do contorno das praias e das fachadas marítimas en orde ao seu tratamento integral e rehabilitación, co fin de non limitar o campo visual nin as perspectivas propias do mesmo, así como establecer as determinacións que causen un menor impacto sobre as dinámicas e estabilidade do propio areal.
- Do mesmo xeito declarará fóra de ordenación aquelas construcións que considere desaxeitadas ou incompatibles coa ordenación prevista, procurando a mellora das existentes e dos espazos públicos, suprimindo as barreiras arquitectónicas e integrando as redes de instalacións.

ART 45.- ORDENACIÓN DO CONTORNO EN PRAIAS URBANAS

O Plan Xeral de Ordenación Municipal no momento da súa adaptación a este Plan, prestará especial atención á ordenación do contorno das praias urbanas, a súa accesibilidade para colectivos vulnerables, a integración paisaxística dos aparcadoiros e de toda a fronte marítima, en prol da consecución dun espazo público de calidade ambiental e paisaxística.

ART 46.- ORDENACIÓN DO CONTORNO EN PRAIAS PERIURBANAS E RURAI

O Plan Xeral de Ordenación Municipal no momento da súa adaptación a este Plan, prestará especial atención á ordenación do contorno das praias periurbanas e rurais, os aparcadoiros e a conexión cos asentamentos máis próximos, en prol da súa ordenación integral, producindo as mínimas afeccións na estabilidade do areal e o seu contorno.

ART 47.- ORDENACIÓN DO CONTORNO NAS PRAIAS NATURAI

O Plan Xeral de Ordenación Municipal no momento da súa adaptación a este Plan, prestará especial atención ao mantemento da paisaxe do contorno das praias naturais. Neste sentido evitárase a realización de calquera actuación máis alá das estritamente necesarias para o mantemento da estabilidade do areal e o seu contorno ou as operacións de mellora das condicións ambientais das mesmas.



Melide. Ría de Vigo. Rías Baixas.

ART 48.- RESIDUOS

As praias urbanas, periurbanas e rurais deberán contar cos elementos necesarios para a recollida de residuos sólidos urbanos co obxecto de manter as súas axeitadas condicións de hixiene e limpeza.

Estas instalacións gardarán relación coa natureza da praia e deberán manterse axeitadamente.

As instalacións de recollida de residuos deberanse situar fóra da praia, en lugares apropiados e acondicionados ao efecto, agás aqueles elementos do mobiliario urbano que sexan precisos para a recollida de residuos xerados polos usuarios das praias e que se colocarán de xeito que causen o mínimo impacto visual e ambiental posible.

ART 49.- INSTALACIÓNS E SERVIZOS

Prestarase unha especial atención ao deseño das instalacións e servizos de temporada para conseguir unha axeitada integración no contorno, coidando tanto a súa situación como a tipoloxía e materiais empregados.

Nas praias periurbanas e urbanas non se permitirán novas instalacións non desmontables dentro da praia, nas dunas e nas súas lagoas traseiras.

Nas praias rurais, non se permitirán novas instalacións non desmontables dentro da praia. Este tipo de instalacións, con independencia de que sexan ou non desmontables, estará prohibido nas dunas e nas súas lagoas traseiras.

Nas praias naturais non se permitirán instalacións de ningún tipo, dentro da praia, nas dunas e nas súas lagoas traseiras, debéndose eliminar as instalacións preexistentes, que se entenderán nunha situación de fóra de ordenación.

ART 50.- ACCESOS PEONÍS

Coa finalidade de facilitar o uso público das praias procurarase, sempre que non se lesione as características e valores do areal, acondicionar polo menos un acceso para persoas con mobilidade reducida, coa súa correspondente sinalización, de acordo co que se establece na normativa de supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas, sempre que iso sexa posible, en atención ás características topográficas do terreo e ás ambientais da praia e o seu contorno. Porén, nas praias urbanas será obrigatoria a existencia deste acceso, podendo compartilo as praias contiguas, xunto cos elementos que permitan o tránsito destas persoas dentro da praia.

Nas praias periurbanas e rurais, potenciarase o uso dos camiños existentes fronte á creación de novos accesos, permitindo a súa mellora mediante tratamentos que manteñan os caracteres propios da área, preservando os elementos significativos, como muros ou sebes, así como a vexetación existente sen incorporar novas especies.

Nas praias naturais evitase calquera tipo de intervención.

ART 51.- ACCESOS RODADOS

Non se poderán construír novas vías de acceso á praia de vehículos automóbiles que non estean previstas nos instrumentos de planeamento territorial ou nos plans xerais adaptados a aqueles, todo iso sen prexuízo do que se establece na lexislación sectorial de aplicación.

Nas praias rurais, o acceso deberase realizar a través de camiños rurais existentes que manterán o seu carácter, establecendo limitacións á circulación motorizada a partir das zonas de aparcadoiro habilitado ao efecto.

Nas praias naturais non se realizarán novos accesos rodados, sendo o nivel de accesibilidade da praia o existente.

Tan só se permitirán labores encamiñados á recuperación das características naturais dos accesos existentes.

ART 52.- APARCADOIROS EN PRAIAS PERIURBANAS E RURAIS.

O planeamento municipal resolverá as necesidades de aparcadoiro realizando un estudo da capacidade de carga da praia. A localización dos novos aparcadoiros será, preferentemente, nos núcleos próximos ou o seu contorno inmediato, xerando as mínimas afeccións.

De non ser viable, procurarase a xestión de parcelas de uso agrario para suplir a demanda de aparcadoiro de praia de carácter estacional, sen realizar tratamento ou acondicionamento algún.

En ningún caso autorizarase o estacionamento de vehículos na praia, cordón de dunas e superficies areosas anexas e fóra dos lugares habilitados ao efecto. En todo caso, o planeamento urbanístico deberá establecer as previsións necesarias para que os aparcadoiros aínda existentes, que non se axusten ás determinacións deste Plan se recoloken cumprindo as condicións dos apartados anteriores.

Procurarase que as áreas de aparcadoiro non sexan visibles desde a praia, debéndose utilizar materiais e tratamentos axeitados para mellorar a súa integración ambiental e paisaxística.

Sen necesidade de adaptación do planeamento urbanístico a este Plan, os aparcadoiros existentes nas Áreas de Protección poderán ser recolocados noutros ámbitos nos que se admita este uso, establecendo as medidas oportunas para a recuperación e rexeneración ambiental da área abandonada.

No caso das praias naturais non se permitirán aparcadoiros no seu contorno. Tan só permitiranse labores encamiñados á recuperación das características naturais dos existentes.

ART 53.- CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR

Sen prexuízo do que se dispón na lexislación sectorial, nas praias urbanas, periurbanas, rurais e naturais prohíbese a circulación de vehículos a motor, agás para pesca, recollida de algas e servizos de limpeza, seguridade e salvamento.

Nas praias naturais queda prohibida a circulación de vehículos a motor salvo para os labores de seguridade e salvamento. Os labores de recollida de algas e, servizo de limpeza, seguridade e salvamento, deberán realizarse, sempre que sexa posible, evitando o uso da circulación a motor.

TITULO VI. A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

ART 54.- DEFINICIÓN

Conxunto de accións que, partindo da comprensión de paisaxe dun lugar e do obxecto, conforman o proxecto e que están encamiñadas a diminuír o impacto paisaxístico do mesmo.

É precisamente esa coherencia interna entre os distintos elementos do proxecto e da paisaxe, tanto dos novos como dos preexistentes, o que percibimos como harmonía e entendemos como unha boa integración paisaxística.

Polo tanto, un proxecto que xurda da comprensión do lugar e que o complemento, aínda que como é lóxico, necesariamente o transforme, podemos concluír que se integra na paisaxe.

ART 55.- OBXECTIVOS

O obxecto da integración é incorporar os factores naturais e humanos, característicos do ámbito no proxecto, co obxecto de conseguir a cohesión territorial e a calidade paisaxística. A xeito de resumo poderíamos indicar que se persegue:

- Minimizar as afeccións sobre o medio mantendo a funcionalidade dos ecosistemas.
- Integrar os elementos estruturais do territorio tales como os camiños, arroios, bosquetes ou os elementos patrimoniais no deseño da proposta.
- Pór en valor os trazos característicos da paisaxe.
- Conformar un modelo de organización, uns materiais, volumes e texturas que, nunha linguaxe contemporánea, se encontren en harmonía cos existentes.

A integración paisaxística ten que guiar non só o proceso de planificación, senón tamén o de desenvolvemento, construción e xestión. En concreto, no proceso de construción débense valorar tamén os impactos potenciais derivados da intervención e da implantación da actuación e incorporar non só as medidas correctoras senón restauradoras ou compensatorias dos impactos derivados da obras.

Por último cabe indicar que é moi importante o establecemento de medidas para a xestión e mantemento do espazo, así como dos elementos de integración establecidos.

ART 56.- CRITERIOS

Como xa vimos neste Plan, desde o punto de vista da integración paisaxística trátase de incorporar as permanencias territoriais e os elementos ou trazos de valor de identidade, ecolóxico e cultural dando continuidade ás trazas actuais da paisaxe no ámbito.

Para iso, como se indicou, cómpre identificar o “carácter do lugar ”a partir dos seus compoñentes estruturais e formais. Deste xeito é posible valorar os condicionantes da paisaxe previa, os elementos que se poden incorporar á ordenación, a súa composición, escala, textura... Deste estudo debe xurdir tamén a valoración das calidades da paisaxe, as súas fragilidades e a súa capacidade de carga.

Os criterios para conseguir unha boa integración paisaxística consisten en:

- Partir dunha análise sistemática do lugar (morfoloxía, estruturas, tipoloxías, visibilidade...). Enténdese por lugar non só a parcela onde ten que implantarse o proxecto senón o ámbito territorial que lle é propio.

- Identificar os elementos característicos do lugar, os que o fan diferente doutros e que se deben incorporar ao proxecto e servir ao mesmo tempo para escoller a estratexia de implantación.
- Analizar o programa funcional de maneira que sexa este o que se adapte ao lugar e non ao revés.
- Estudar a percepción social do lugar, a percepción do mesmo pola cidadanía, o seu grao de implicación e valoración.
- Analizar a complementariedade estrutural e funcional dos novos usos e construcións co seu contorno natural e urbano.

Con carácter xeral poderíamos dicir que, a noción de integración paisaxística se asocia a variables como a harmonía, a orde, o respecto ou a coherencia, entre outros. A maioría das veces estes conceptos están ligados a unha restauración ambiental e natural do contorno no que se sitúan.

ART 57.- ENFOQUES ESTRATÉXICOS

Os obxectivos anteriormente descritos pódese acadar ao incorporar ao proxecto diversas estratexias.

Contextualización: Consiste en establecer unha continuidade entre os elementos preexistentes e os novos. Para iso favorécense as relacións tipolóxicas, volumétricas, escalares, cromáticas... Deste xeito o observador relaciona ambos os dous elementos.

Naturalización: Consiste en recuperar a imaxe de naturalidade dos lugares potenciando a presenza dos compoñentes naturais (solo, vexetación, auga...) e restablecendo o equilibrio ecolóxico.

Mimetización: Consiste en camuflar as edificacións mediante a repetición de certos patróns existentes no ámbito (cromáticos, formais, de textura...).

Ocultación: Consiste en evitar ou agochar, total ou parcialmente, a visión de certos elementos, que se consideran pouco desexables desde certos puntos de vista. Para iso a estratexia máis utilizada consiste en interpor entre o observador e o obxecto elementos propios da paisaxe, xeralmente de carácter natural.

Singularización: Consiste en establecer novas relacións cos elementos do paisaxe a partir do protagonismo outorgado á presenza dun novo elemento. A estratexia máis utilizada nestes proxectos como recurso expresivo é o contraste.

Tal como se indicou ao longo deste documento a integración ten como condición previa a correcta elección da localización. Unha vez escollido e analizado o lugar estableceranse as medidas, derivadas da estratexia elixida, que o proxecto incorporará en calquera das súas fases de execución coa finalidade de evitar, reducir e compensar os impactos sobre a paisaxe.

A continuación indícanse os criterios que se terán en conta no ámbito do Plan de Ordenación do Litoral.

ART 58.- CRITERIOS XERAIS DE INTEGRACIÓN

Calquera intervención ao longo das súas diferentes fases de execución velará por manter a diversidade e funcionalidade ecolóxica do territorio. A distribución sobre o territorio dos hábitats, tanto os de alto valor –bosques, lagoas, ribeiras-, como os primarios –parcelario cultivado, pastos ou forestación industrial - e as relacións e contactos entre eles determinan a riqueza ecolóxica dunha paisaxe. Nestas estruturas xogan un papel clave os intercambios e transferencias que se dan entre uns hábitats e outros de acordo coa súa proximidade ou ao aproveitamento de corredores ecolóxicos.

A planificación territorial e o planeamento urbanístico deberán manter as condicións de visibilidade propia de cada unha das diferentes unidades de paisaxe identificadas, como a aliñación dos vales, vistas panorámicas desde posicións elevadas ou percepción do relevo no seu conxunto.

Analizaranse especialmente as texturas, as cores, xeometrías e volumes dos elementos previstos. Extractando aqueles que sexan característicos e / ou singulares das paisaxes naturais, rurais e urbanas.

As actuacións previstas, tanto as edificacións, como o parcelario, a rede de camiños e as infraestruturas deberán axeitar os seus perfís á topografía do terreo, evitando a alteración das pendentes naturais.

Os elementos morfolóxicos preexistentes deben preservarse. Evitarase, polo tanto, a eliminación de resaltes do relevo, a cubrición de canles naturais, a destrución de muros, bancais ou camiños tradicionais. Só de maneira puntual e coas accións de integración paisaxística axeitadas poderanse realizar alteracións nestes elementos.

Calquera intervención proxectada sobre a paisaxe deberá manter a vexetación de porte arbóreo e arbustivo preexistente, salvo que se xustifique o contrario atendendo a motivos ecolóxicos. En caso de alteración ou desaparición terán que definirse medidas axeitadas de recuperación e integración que garantan a presenza de especies propias do lugar, evitando unha excesiva fragmentación dos hábitats e corredores biolóxicos. Cumprirá apoiarse na estrutura espacial da vexetación predominante: formas e tamaños das manchas de vexetación –lineais, extensas, puntuais, irregulares - e a súa estratificación vertical –arbórea, arbustiva e herbácea - Nos proxectos de revexetación deberánse utilizar especies axeitadas ás condicións edafoclimáticas da zona. Para a selección cumprirá considerar a forma e dimensión das especies, a súa textura, coloración e fenoloxía para acadar a mellor integración paisaxística e ecolóxica.

Evitarase calquera afección dos elementos patrimoniais. As construcións situadas nas inmediacións de bens inmoables de interese cultural, artístico, histórico, arqueolóxico, típico ou tradicional terán que acadar a axeitada harmonización con eles.

Nos núcleos de carácter tradicional e nos contornos rurais, co fin de integrar ao máximo as actuacións construtivas e de manter os hábitats que contribúan á conservación da biodiversidade, considérase necesario o mantemento da vexetación autóctona ou de singular valor presente nos terreos, así como a conservación das sebes e vexetación asociada aos peches dos predios.

Evitarase a proliferación de edificacións de carácter agrario, especialmente de carácter produtivo e primar a rehabilitación e redefinición de funcións dos volumes existentes para a súa adaptación ás modernas esixencias produtivas.

Os edificios adaptaranse no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

O deseño do edificio e do terreo, os espazos anexos e a súa articulación co contorno teñen que resolver axeitamente a forma de inserirse na paisaxe do lugar, valorando as súas calidades e respectando e recuperando, se é posible, as pegadas valiosas existentes en cada terreo e en cada parcela, tales como edificios, cerrados e muros, rodais e árbores ou sebes, arroios, camiños ou rochedos. A selección de especies para revexetación debe ser coherente coas do contorno, evitando as de carácter ornamental ou alleas ao dominio bioclimático.

ART 59.- CRITERIOS ESPECÍFICOS DE INTEGRACIÓN

Os distintos instrumentos de planeamento territorial e urbanístico deberán establecer uns criterios específicos de integración para cada actuación prevista e, en concreto para os usos e edificacións previstas no chan rústico.

A tal efecto analizaranse:

- As condicións naturais e morfolóxicas da parcela e o seu contorno.
- O terreo e os movementos de terras.
- A cobertura vexetal
- A vexetación arbórea e arbustiva existente.
- O fondo escénico (a relación fondo - figura).
- As escalas e relación dos volumes.
- As intensidades de usos.
- A integración e conexión coa rede de vías e camiños existentes.
- Os elementos que definen as características morfolóxicas e tipolóxicas do contorno.
- Os peches e valados.
- Os anuncios, carteis e valados publicitarios.

ART 60.- OBRAS SOBRE EDIFICACIÓNS EXISTENTES

Naquelas edificacións que resulten de interese en atención á existencia de valores catalogados, ou ao seu carácter tradicional ou etnográfico atenderase aos seguintes criterios:

- a) Sempre que sexa tecnicamente viable en función do uso pretendido, deberá conservarse a estrutura orixinal do edificio, sendo obrigatorio o mantemento das fachadas exteriores principais tal e como se encontraban antes do comezo da obras no tocante aos seus elementos definidores.
- b) Nas reformas de cuberta empregaranse preferentemente os procedementos estruturais propios das edificacións tradicionais.
- c) Deberase respectar o contorno no que se realiza a obra. Os valores da edificación teranse en conta de maneira que a obra conserve todas as invariantes de interese que existan, como aliñacións, cerramentos de parcela, composición de volumes, cubertas ou cores.
- d) O mesmo criterio terase tamén en conta nas edificacións anexas ou auxiliares, como garaxes, casetas de apeiros...
- e) Manteranse aqueles elementos individualizados como patios, escaleiras ou similares, que presenten un valor específico á marxe do propio edificio en que se sitúen.
- f) As edificacións auxiliares serán tratadas como parte inseparable e integrante do edificio principal. A súa articulación espacial, os seus materiais, as paredes ou peches, as cubertas e recollidas de augas, manterán un tratamento unitario.

ART 61.- ÁREAS E SECTORES DE ACTIVIDADE INDUSTRIAL E ECONÓMICA

- a) Estes espazos débense integrar na súa escena urbana ou rural lindeira. As edificacións destes polígonos adoitan supor un forte impacto polo illamento e o acusado contraste tipolóxico e volumétrico con respecto ao seu contorno. Para iso, potenciarase o establecemento de relacións físicas e funcionais que favorezan a permeabilidade do espazo industrial e garantan a continuidade cos espazos adxacentes.
- b) A partir dos estudos de visibilidade relacionaranse os elementos que contribúen a definir a escala do conxunto edificado como volumetría, cheos e baleiros, entre outros, co obxecto de definir os parámetros urbanísticos –altura, edificabilidade, ocupación, recuado - necesarios para asegurar a integración das edificacións. Unha estratexia recomendable é a fragmentación de volumes e o axeitado tratamento do relevo e a vexetación para facilitar a alteración da percepción escalar do polígono.
- c) Valorar a localización dos espazos verdes como elemento de rótula, conexión e relación co contorno.
- d) Desde o punto de vista paisaxística o viario tanto exterior como interior destes espazos industriais é un elemento fundamental de calidade e integración tanto morfolóxica coma visualmente.

Débense valorar a súa importancia como elementos que establecen a estrutura interna do ámbito e os principais percorridos desde os que se perciben estes espazos. Polo tanto, débese acadar un deseño de calidade do viario que sexa expresión, non só dunha lóxica funcional, senón dunha relación harmónica co contorno e a escena urbana. Sempre que sexa posible o polígono deberá relacionarse coas zonas urbanas mediante transporte colectivo.

- e) Débese prestar especial atención ao uso da vexetación, xa que, ben utilizada, colaborará na mellora da calidade e percepción do conxunto e das diferentes edificacións. A vexetación non colabora a establecer as relacións ecolóxicas co contorno senón que é un interesante elemento de “cosido” desde o punto de vista da integración co mesmo.
- f) Mediante o uso axeitado de materiais débese acadar un novo e contemporáneo diálogo co contorno que coide a imaxe exterior de fachadas, cubertas e o perfil ou silueta xerado.
- g) Débese evitar na medida do posible a utilización de peches opacos. Os peches sinxelos, transparentes e discretos, que actúa como filtros, establecen un mellor diálogo coas edificacións e o contorno do polígono.
- h) Procurarase controlar os carteis e diversos soportes publicitarios luminosos para evitar unha imaxe caótica. Estes soportes deberán ser tratados na propia ordenación das parcelas e da edificación.
- i) Deberase analizar a visibilidade nocturna do polígono, convertendo a iluminación nun elemento máis de deseño, sen alterar a funcionalidade do mesmo. É recomendable que a altura da iluminación se sitúe por debaixo das copas das árbores co obxecto de aproveitar ao máximo a luz.

ART 62.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR NOS ESTUDOS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística –EIIP - é un documento técnico no que se avaliarán os impactos que os proxectos considerados poidan provocar na paisaxe, e as medidas de integración paisaxísticas propostas polas entidades promotoras. O EIIP incluírá un apartado de diagnóstico do estado actual da paisaxe, outro dedicado á xustificación, descrición e alcance da actuación prevista, así como o proceso adoptado de incorporación das directrices correspondentes ás unidades de paisaxe afectada. E, finalmente, informará dos criterios e medidas adoptadas para acadar a integración paisaxística do proxecto.

Cómpre lembrar que o proceso de integración paisaxística debe ser inherente á elaboración do propio proxecto. Polo tanto, o seu obxectivo último non sería tanto o de establecer medidas correctoras, como o de garantir que os criterios e as medidas adoptadas polos promotores do proxecto sexan axeitadas e suficientes para a súa inserción na paisaxe.

1. COMPLEMENTARIEDADE DOCUMENTAL

- Segundo a lei galega de protección da paisaxe-7/2008 do 7 de xullo-, os Estudos de Impacto e Integración Paisaxística deberán acompañar ao Estudo de Impacto Ambiental naqueles proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de Impacto Ambiental, conforme á lexislación vixente.
- Con independencia do anteriormente descrito será preceptivo o Estudo de Impacto e Integración Paisaxística –EIIP - naqueles usos e edificacións establecidas no presente Plan.
- O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística debe ter un carácter operativo e flexible, cun contido específico que incida nos aspectos de maior impacto potencial, sen necesidade de repetir a análise daquelas variables da matriz biofísica ou cultural que xa son obxecto de tratamento pormenorizado naqueloutros estudos derivados do procedemento de Declaración de Impacto Ambiental recollido na normativa vixente.

2. DOCUMENTACIÓN

A análise da paisaxe previa permitirá recoñecer os valores xenuínos do contexto paisaxístico, garantirá un axeitado estudo das alternativas de localización e permitirá definir estratexias coherentes de integración. Este diagnóstico deberá concluír na definición da singularidade e capacidade de acollida das unidades de paisaxe afectada. Haberá que evitar descrições excesivas e a acumulación de datos xa recollidos nos EIA vinculados ao proxecto, se é o caso. A forma axeitada de informar sobre o diagnóstico da paisaxe será a través de documentación gráfica e cartográfica.

- A escala de cada un dos elementos recollidos na cartografía será a necesaria para a comprensión do parámetro ou parámetros descritos. Polo tanto, as escalas recomendadas neste plan son a efectos indicativos.
- O texto será sinxelo, conciso e motivado.
- Dada a natureza do obxecto de estudo, a paisaxe, recoméndase que a documentación se xustifique con técnicas gráficas de representación e simulación visual foto-montaxes, bosquexos 3D... En todo caso, serán axeitadas e proporcionais ao alcance do proxecto a avaliar.

2.1. Documentación informativa

a. Diagnóstico da paisaxe

A información básica que se deberá achegar neste apartado será a seguinte:

- Ámbito de estudo: xeolocalización, orientación e exposición, accesibilidade e topografía.
- Delimitación da cunca visual en plano á escala axeitada na que se marquen os distintos limiares de nitidez conforme ao proxecto analizado.
- Análise dos compoñentes da paisaxe, caracterización sensorial e distribución territorial.

Esta análise afectará tanto á matriz biofísica do territorio –formacións vexetais, rede fluvial...-, como aos aspectos culturais e simbólicos –elementos patrimoniais-.

Os compoñentes situaranse en plano á escala axeitada. En todo caso, recoméndase como escala de referencia a 1:10.000.

En cada un destes compoñentes analizaranse as súas pautas espaciais de distribución: mosaico de manchas, grao de continuidade/fragmentación, conectividade, ecotons, corredores ecolóxicos. Así como os seus trazos definitorios respecto a texturas, cromatismo e elementos dominantes –puntos, liñas e volumes.

Os compoñentes suxeitos a análise serán os seguintes:

- Formas do relevo: litoloxía e procesos xeomorfolóxicos.
- Rede fluvial e cuncas de drenaxe -dominio climático e réxime hídrico -.
- Cobertura vexetal: distribución espacial das especies que a integran.
- Identificación, patrón espacial e estrutura interna do mosaico agroforestal.
- Asentamentos: pautas de localización, malla urbana, morfoloxía
- Rede de vías e camiños.
- Compoñentes culturais e simbólicos: elementos patrimoniais, festas e tradicións.

2.2. Documentación xustificativa

a. Xustificación, descrición e alcance da actuación prevista.

Inclusión do proxecto ou actividade nas fichas de unidades de paisaxe, valoración da caracterización descrita así como dos obxectivos de calidade (futuras directrices de paisaxe) propostos.

a.1. Descrición cartográfica á escala axeitada das accións previstas nas diferentes fases de execución.

a.2. Caracterización da actuación

En relación, entre outros, co solo, as augas, o patrimonio natural, os usos do solo, a morfoloxía, o patrimonio cultural así como as dinámicas, impactos e valores da paisaxe anteriormente descritos.

b. Determinación de impactos. Fraxilidade paisaxística e capacidade de acollida.

b.1. Identificación da visibilidade. Identificando, entre outros:

- Número e tipo dos observadores potenciais.
- A cunca visual que abarca o punto de observación.
- Relación cos elementos de maior valor incluído na cunca visual.

b.2. Valoración de impactos e grao de afectación e reversibilidade.

Identificaranse todos os elementos e accións derivadas do proxecto que teñan efectos na paisaxe, tanto os directamente relacionados coa súa execución, como cos asociados ás súas funcións e influencia no territorio. O resultado traducirase nunha listaxe de interaccións, algunhas das que serán consideradas impactos paisaxísticos. A valoración dos mesmos determinará a súa magnitude e grao de reversibilidade.

b.3. Valoración da estratexia de integración paisaxística con expresión das alternativas analizadas.

b.4. Xustificación do cumprimento das determinacións contidas en lexislación vixente, así como as derivadas dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe que lle sexan de aplicación.

TITULO VII. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Prevense unha serie de actuacións complementarias en desenvolvemento das determinacións e obxectivos contidos no presente Plan. Todas elas teñen entre os seus fins fomentar a divulgación das paisaxes e valores litorais, así como permitir o seu gozo pola sociedade, con especial atención aos colectivos vulnerables.

ART 63.- SENDAS

- Nas distintas Accións recollidas nas fichas das Unidades de Paisaxe recóllense, entre outras, as actuacións solicitadas polos concellos durante o trámite previo de consultas, compatibles cos Obxectivos de calidade Paisaxística descrita para cada unidade, moitas delas son relativas a sendas.
- O obxecto é establecer unha infraestrutura verde capaz, non só de conectar os elementos ecolóxicos de valor, senón un percorrido funcional, case de interpretación, do patrimonio natural e cultural destas paisaxes. Sempre que sexa posible estas sendas deberán acompañar aos corredores para reforzar o seu valor como elementos de articulación do territorio ambiental e funcionalmente.
- Entre outros, propónse subscribir un convenio coa Demarcación Costas do Estado co obxecto de facilitar o desenvolvemento de proxectos atendendo aos criterios establecidos no POL.
- Asinar un convenio coa Federación Galega de Montaña co obxecto de promover a homologación e seguimento do estado de conservación e accesibilidade das sendas litorais.
- Aos efectos de desenvolver de maneira integrada unha ou varias destas sendas poderanse realizar Plans Especiais que deberán contemplar, en todo caso o correspondente Estudo de Integración Paisaxística.

ART 64.- ACCIÓNS FORMATIVAS E DIVULGATIVAS

Establecerase unha estratexia de divulgación dos estudos, análise e contidos do presente Plan, co obxectivo de mellorar o coñecemento específico do litoral de Galicia.

A estratexia para a divulgación do Plan de Ordenación do Litoral establecerá distintos programas de educación en función tanto dos obxectivos coma dos destinatarios da mesma, con especial atención aos colectivos vulnerables.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

TRANSITORIA 1. ADAPTACIÓN DO PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

- Os municipios iniciarán a adaptación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal ao POL simultaneamente coa tramitación da revisión do mesmo, ou a través dunha modificación puntual tramitada ao efecto, e, en todo caso transcorridos dous anos tras a entrada en vigor do presente Plan.
- Os Plans Xerais de Ordenación Municipal e os instrumentos urbanísticos de planeamento de desenvolvemento que, á entrada en vigor do presente Plan de Ordenación do Litoral, se encontren en trámite, sen que se teña outorgada a aprobación provisional polo pleno do Concello, adaptarán o contido do mesmo ao POL, introducindo as modificacións que fosen pertinentes. A tal efecto, o informe previo que emita a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, terá carácter vinculante.
- Os instrumentos de planeamento urbanístico que á entrada en vigor do presente Plan encóntrense en trámite de revisión ou que, sendo aprobados provisionalmente, estean pendentes de aprobación definitiva, se é o caso, non necesitarán adaptarse ao POL no tocante ás determinacións e criterios da Área de Ordenación Litoral. Porén, si deberán incorporar as determinacións das Áreas de Protección e de Mellora Ambiental e Paisaxística. A tal efecto, remitirase o Plan á consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, que no seu informe preceptivo e vinculante se pronunciará sobre o cumprimento das determinacións do POL.

TRANSITORIA 2. SOLOS URBANIZABLES E URBANOS NON CONSOLIDADOS EN MUNICIPIOS CON PLANEAMIENTO NON ADAPTADO A ESTE PLAN

- Ata a adaptación do planeamento urbanístico a este Plan, só poderán desenvolverse os solos urbanizables e urbanos non consolidados incluídos nas Áreas de Protección e Mellora Ambiental e Paisaxística que estean de acordo coas determinacións establecidas no presente Plan. A tal efecto, remitirase o instrumento de desenvolvemento á consellería competente en materia de Ordenación Territorial, que emitirá informe vinculante no prazo de 1 mes desde a recepción da documentación completa.
- Ata a adaptación do planeamento urbanístico a este Plan, poderán seguir desenvolvéndose os solos urbanizables incluídos na Área de Ordenación Litoral, non sendo que se trate de urbanizacións illadas de carácter residencial.

TRANSITORIA 3. AUTORIZACIÓNS NA ÁREA DE PROTECCIÓN E DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

Os usos autorizables no presente Plan, dentro das Áreas de Protección e de Mellora Ambiental e Paisaxística, ademais de seguir o procedemento establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia deberán incluír un Estudo de Integración Paisaxística cos contidos e determinacións establecidos no POL, ata que o Planeamento se adapte ao mesmo e incorpore os devanditos criterios de integración.

TRANSITORIA 4. USOS EXISTENTES

As edificacións e usos legalmente implantados antes da entrada en vigor do presente Plan poderán seguir desenvolvendo a súa actividade con independencia da súa conformidade co POL, ao que terán que adaptarse no caso de cambio de uso ou ampliación da actividade.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

ADICIONAL 1. GUÍA DE PRÁCTICAS DE INTERVENCIÓN NOS SISTEMAS PRAIADUNA

No prazo de seis meses desde a Aprobación definitiva do POL a consellería competente en materia de Medio Ambiente realizará unha Guía de boas prácticas de intervención nos sistemas PraiaDuna.

ADICIONAL 2. SENDAS DOS FAROS

No prazo dun ano tras a entrada en vigor do POL a Consellería competente na materia realizará o Plan, ou Plans Especiais que desenvolvan a Senda dos Faros recollida na Memoria do presente documento.

A Senda dos Faros ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a posta en valor dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados no contorno do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido e tristemente esquecido.

Mediante este percorrido preténdese establecer unha rede de carreiros claramente delimitados, accesibles e seguros, para o uso e gozo da sociedade.

